



Comentario crítico de textos



Sés non é daquelas que cantan as pombas e as flores. Desde o seu primeiro disco, “Admirando a condi-ción”, vén esnaquizando estereotipos. En moi pouco tempo, esta muller enérxica e ousada trastornou a escena musical con rafas de autoafirmación e compromiso. Existe un empeño nas súas letras en presentar unha muller dona de si, non sometida ás tiranías do mercantilismo sobre o corpo feminino, consecuente cos seus sentimentos, con iniciativa afectivo-sexual, que está segura de querer nadar a contracorrente.

O tema que abre e dá título ao segundo disco, “Co xenio destrozado”, fálanos dos prexuizos que están instalados na sociedade e que se naturalizan dunha maneira inconsciente. O “saber popular” que esca-chiza Sés é o que nos di que a idade devalúa as mulleres e revaloriza os homes; que hai xogos para nenas e xogos para nenos, etc. Alguén pode pensar que son cuestións superadas, pero non hai máis que ver os catálogos de xoguetes para decatármonos de como se teñen reavivado estes mecanismos sexistas.

Revista Aulas Libres



- 1 ► Enuncia o tema do texto e fai un resumo do seu contido.
- 2 ► Explica o significado de *ousada*, *esnaquizando*, *estereotipos*, *inconsciente*, *escachiza*.
- 3 ► Achega unha reflexión sobre os roles que se lle impoñen na sociedade actual ás nenas e aos nenos e cales son os mecanismos que serven para difundilos.